



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Pe de risco	Código	750G02031	
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Gil Manso, Pedro	Correo electrónico	pedro.gil.manso@udc.es	
Profesorado	Gil Manso, Pedro	Correo electrónico	pedro.gil.manso@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Esta materia versa sobre o estudo, diagnóstico e tratamento do pé diabético. Diagnóstico e tratamento os procesos vasculares e neurolóxicos periféricos que afectan ao pé.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A25	Coñecer e aplicar as técnicas de exploración, diagnóstico e tratamento das feridas, úlceras e procesos infecciosos que afectan ó pé. Estudo, diagnóstico e tratamento do pé diabético Mecanismos de reparación e cicatrización.
A28	Coñecer, diagnosticar e tratar os procesos vasculares e neurolóxicos periféricos que afectan ó pé e susceptibles de tratamento quiropodolóxico.
A44	Deseñar planes de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular.
B11	Coñecementos de informática relativos ó seu ámbito de estudo.
B12	Capacidade de xestión da información.
B18	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B19	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A25	B12	C4
Coñecer e realizar o estudo, diagnóstico e tratamento do pé diabético	A44	B18 B19	
Coñecer, diagnosticar e tratar os procesos vasculares e neurolóxicos periféricos que afectan ao pé e susceptibles de tratamento quiropodolóxico.	A28	B12 B19	C4
O alumno identifica e diagnostica o nivel de risco dun pé patolóxico, adquire habilidade no manexo das técnicas de estudo e valoración do pé. É capaz de desenvolver o conxunto de tratamentos podolóxicos de acordo ao nivel de risco presente no pé e en correlación co equipo multidisciplinar.	A25 A44	B11 B18	C3 C5

Contidos	
Temas	Subtemas



Bloque I: Conceptos Xerais da Diabetes Mellitus	<ul style="list-style-type: none">- Definición da Diabetes Mellitus- Prevalencia da Diabetes Mellitus- Tipos de Diabetes Mellitus- Diagnóstico do DM- Control da Diabetes Mellitus- Historia da Diabetes Mellitus- Control da Diabetes Mellitus- Tratamento da Diabetes Mellitus- Complicacións agudas da Diabetes Mellitus- Complicacións crónicas da Diabetes Mellitus
Bloque II: Fisiopatoloxía do Pe Diabético	<ul style="list-style-type: none">- Fisiopatoloxía da diabetes mellitus- Definición de pé diabético e pé de risco- Epidemioloxía e Importancia do pé diabético- Elementos patoxénicos do pé diabético- Dermatopatías e trastornos cutáneos asociados á diabetes mellitus
Bloque III: Diagnóstico e tratamento dos procesos vasculares e neurolóxicos periféricos que afectan ao pé	<ul style="list-style-type: none">- Clasificacións do pé de risco- Clasificacións do pé diabético- Exploración e anamnesis xeral no pé diabético- Exploración vascular do pé diabético. Pé Vascular- Exploración neurolóxica do pé diabético. Neuropatía diabética.- O Pé neuroisquémico.- Pe de Charcot
Bloque IV: Tratamento do Pe Diabético	<p>TRATAMENTO LOCAL DAS ÚLCERAS DE PÉ DIABÉTICO</p> <ul style="list-style-type: none">- Limpeza e desinfección de lesións- Eliminación do tecido non viable. Desbridamento: cortante, encimático, autolítico, mecánico (aquajet), osmótico, larval- Control da infección e inflamación en pé diabético- Control do exudado as feridas crónicas: grupos de apósitos, indicacións, uso e incompatibilidades- Estimulación dos bordos epiteliais: Acedos grasos hiperoxigenados e produtos barreira- Outras terapias: oxigenoterapia, ozonoterapia, terapia de presión negativa, plasma rico en plaquetas, medicamentos de terapia avanzada (terapia génica, terapia celular somática e enxeñaría tisular) <p>- Detección de ostomilitis: diagnóstico por imaxe, probas de laboratorio e diagnóstico clínico</p> <ul style="list-style-type: none">- Descarga de lesións de pé diabético- Descargas provisionais: feltros- Descargas temporais: Plastic Cast e Total Contact Cast- Descargas definitivas: ortesis plantares e dixitais <p>- Criterios de derivación de úlceras en pé diabético</p> <p>- Tratamento quirúrgico en pé diabético</p>
Bloque V: Equipa multidisciplinar en pe de risco	<p>Diagnóstico del nivel de riesgo de un pie patológico.</p> <p>Técnicas de estudio y valoración del pie.</p> <p>Desarrollo del conjunto de tratamientos podológicos de acuerdo al nivel de riesgo</p> <p>Correlación con el equipo multidisciplinar.</p>



Bloque VI: Prevención do Pe Diabético	<ul style="list-style-type: none"> - Prevención de úlceras en pé diabético - Coidados no pé diabético - Calzado no pé diabético
---------------------------------------	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A19 A28 A41 A43 A44	18	36	54
Obradoiro	A25 B11 B12	12	20	32
Prácticas de laboratorio	B19	9	9	18
Traballos tutelados	C3 C4 C5	2	10	12
Traballos tutelados	B18	2	4	6
Proba mixta	A19 A25 A28 A41 A43 A44	2	25	27
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada con el uso de medios audiovisuales y la introducción de algunas preguntas dirigidas a los estudiantes, con la finalidad de transmitir conocimientos y facilitar el aprendizaje.
Obradoiro	<p>Modalidad formativa orientada a la aplicación de aprendizajes en la que se pueden combinar diversas metodoloxías/pruebas (exposiciones, simulaciones, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través de la que el alumnado desarrolla tareas eminentemente prácticas sobre un tema específico, con el apoyo y supervisión del profesorado.</p> <p>En concreto desenvolveranse: Seminarios e taller interactivo de exploración neurolóxica e vascular, descarga de úlceras e biomecánica do pé diabético, valoración dermatolóxica así como taller de coidados do pé diabético. Ademais destas actividades desenvolverase un seminario atención das úlceras dos membros inferiores no Servizo Galego de Saúde contando coa colaboración de persoal do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) especializado na mesma, así como un seminario sobre Convivir co DM na que colaborarán membros da Asociación de Diabéticos de Ferrolterra (ADF).</p> <p>Parte estes seminarios e talleres poderán realizarse, dentro do horario da materia, na Clínica Universitaria de Podoloxía desenvolvendo os protocolos de exploración e valoración de risco de pé diabético en pacientes diabéticos reais pacientes de CUP membros da Asociación de Diabéticos de Ferrolterra.</p>



Prácticas de laboratorio	<p>Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico como a elaboración dunha prótese transmetatarsiana e unha férula de descarga total (Plastic Cast ou TCC).</p> <p>A realización de cada unha destas dúas practicas realizarase dividindo a todos os alumnos matriculados na materia en 4 grupos (uns 10 alumnos por grupo) e desenvolvendo cada práctica nunha única xornada duns 270 minutos de duración, ao que haberá que engadir unha última xornada de valoración que se realizará o último día de prácticas da materia, habendo de entregar unha memoria de cada unha das prácticas.</p> <p>A asistencia a estas prácticas será obrigatoria permitíndose que calquera alumno se intercambie de grupo sempre que non varía o total de alumnos de cada grupo.</p> <p>Durante todas as prácticas o alumno deberá de levar bata, 1 bolígrafo de 4 cores, 1 rotulador permanente, 1 rotulador borrrable, luvas de kevlar (ou equivalente), tesoiras multiusos, máscara facial/lentes de protección máscara.</p> <p>Para a realización da práctica da prótese transmetatarsiana que se desenvolverá no Laboratorio 2 (con fornos, vacums, pulidoras, pistolas de aire quente) da Facultade, por cada grupo precisaranse: 1 ferro de Goma espuma de 10 mm de grosor, 1 ferro (70x100cm) de resina de poliéster termoformable de 1,9 mm de grosor, 1 ferro (70x100cm) de resina de poliéster fluyente termoformable de 1,0 mm de grosor, 1 ferro (70x100cm) de polipropileno de 2 mm de grosor, 1 ferro (70x100cm) de EVA Globus de 6 mm de grosor, 1 ferro (70x100cm) de roval-foam de 5mm de grosor, 1 ferro (70x100cm) de plastazote de 10mm de grosor, 2 botes de cola de contacto Renia Ortec de 0,5L con pincel, 1 saco de escaiola, 1 ferro (70x100cm) de Lunalastic de 2 mm de grosor, 1 ferro (70x100cm) de LunaSoft SLW de 3 mm de grosor, 2 recambios de lijas para pulidora, 1 lija milhojas, 1 lija.</p> <p>Para a realización da práctica da férula de descarga total que se desenvolverá no Laboratorio 1 (con serra cortaescayolas e podoscopio), por cada grupo precisaranse: 1 rolo (1mx30cm) de feltro adhesivo de 8 mm de grosor, 1 rolo (1mx30cm) de feltro adhesivo de 10 mm de grosor, 1 rolo (30cmx1m) de feltro adhesivo de 4 mm de grosor, 1 rolo (2,5cmx5m) de esparadrapo celulósico, 5 paquetes de 5 gasas de 10x10cm, 1 bote de povidona yodada de 250mL, 1 rolo (12cmx30m) de filme transparente de 15 cm de ancho, 10 rolos de venda guata ou acolchado (Soffban® ou Caresoft®), 10 rolos de venda sintéticas de 10-15 cm de ancho (Rhena cast®, Delta cast® ou Dynacast extra®), 2 rolos de venda elástica adhesiva de ancho 5 ou 7,5 (Tensoplast®), 1 rolo (30cmx3m) de Moleskin ou feltro adhesivo de 1mm de grosor e 1 recambio da serra cortaescayolas.</p>
Traballos tutelados	<p>Os alumnos organizados en grupos deberán elaborar un traballo sobre a creación e funcionamento dunha unidade de pé diabético.</p> <p>Os traballos serán entregados a través da plataforma Moodle co nome de arquivo: Unidade_PD_GrupoX.pdf</p> <p>Este traballo cunha extensión dunhas 10-20 páxinas constará dos seguintes apartados:</p> <ol style="list-style-type: none">1- Definición da Diabetes Definición DM, tipos, complicacións2- Epidemioloxía3- Definición do Pé diabético4- Fisiopatoloxía5- Xustificación6- Obxectivos7- Organigrama, estrutura ou formulación do proxecto8- Protocolos e follas clínicas. <p>Tras a entrega do traballo este será exposto durante 10 minutos e defendido durante no horario de clases do mes de decembro. Esta exposición do traballo de creación e funcionamento dunha unidade de pé diabético centrándose nos seguintes apartados:</p> <ul style="list-style-type: none">- Xustificación-Obxectivos-Organigrama, estrutura ou formulación do proxecto-Protocolos e follas clínicas
Traballos tutelados	<p>Os alumnos organizados en grupos deberán elaborar un proxecto de prevención, cuidados e educación de lesións en pacientes diabéticos, que será serán entregados a través da plataforma Moodle e desenvolvido e exposto fronte a grupos de pacientes durante o mes de novembro.</p>



Proba mixta	<p>Proba teórica que se desenvolverá o día marcado no calendario académico para exame.</p> <p>Devandito exame realizarase sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistras, como nos talleres e nas prácticas de laboratorio e que serán publicados no Campus Virtual (plataforma Moodle) da materia.</p> <p>Este exame constará de 30 preguntas tipo test e 5 preguntas de desenvolvemento.</p>
-------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>A atención personalizada desenvolverase de forma programada nos horarios de tutorías do profesor, para a atención presencial; e de forma virtual, por correo electrónico e o Campus Virtual (plataforma Moodle).</p> <p>A atención personalizada está destinada a resolver calquera tema relacionado coas diferentes metodoloxías e/ou contidos da materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A25 B11 B12	Para a puntuación deste apartado valorarase tanto o número de asistencias como a participación na aula e a entrega das actividades desenvolvidas e a valoración das mesmas a través da plataforma Moodle.	10
Traballos tutelados	B18	<p>Os alumnos organizados en grupos deberán elaborar un proxecto de prevención e educación de lesións en pacientes diabéticos, que será serán entregados a través da plataforma Moodle que será desenvolvido e exposto fronte a grupos de pacientes no horario da materia durante o mes de novembro.</p> <p>Na avaliación do proxecto terase en conta a calidade do mesmo, a aplicabilidade e a mellora da formación dos pacientes prevista. Así mesmo valorarase a calidade da exposición aínda que só exorarán os 2-3 mellores traballos. Para o resto de grupos a porcentaxe da cualificación deste apartado correspondente á exposición (2%) avaliarase como actividade alternativa a asistencia aos actos conmemorativos do día mundial da Diabetes (14 novembro).</p>	5
Proba mixta	A19 A25 A28 A41 A43 A44	<p>Proba teórica, o día marcado no calendario académico para exame, que representará o 60% da nota final da materia.</p> <p>Devandito exame realizarase sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistras, como nos talleres e nas prácticas de laboratorio e que serán publicados no Campus Virtual (plataforma Moodle) da materia.</p> <p>O exame teórico constará dun exame final tipo test de 30 preguntas test e 5 preguntas de desenvolvemento. Para superar a proba teórica con cualificación de aprobado será necesario superar o 50% das preguntas do exame tipo test, 3 das preguntas de desenvolvemento. Na parte do test cada 3 preguntas incorrectamente respondidas descontarán unha resposta correcta.</p>	60
Sesión maxistral	A19 A28 A41 A43 A44	Valorarase a asistencia e a participación activa ás clases e actividades na aula.	5



Prácticas de laboratorio	B19	<p>Será obrigatoria a asistencia á totalidade das mesmas, superar a valoración final das mesmas e a entrega dunha memoria de prácticas antes do 17 de decembro a través da plataforma Moodle.</p> <p>Puntuarase tanto a asistencia e o desenvolvemento da práctica, a avaliación final das mesmas e a memoria das prácticas (describindo os procesos realizados, con fotografías desde todas as perspectivas de todos os tratamentos elaborados durante as prácticas, cunha análise crítica das mesmas e realizando unha valoración persoal das prácticas).</p>	10
Traballos tutelados	C3 C4 C5	<p>Os alumnos organizados en grupos deberán elaborar un traballo sobre a creación e funcionamento dunha unidade de pé diabético.</p> <p>Os traballos serán entregados a través da plataforma Moodle.</p> <p>Valorarase tanto a calidade do mesmo, a xustificación bibliográfica das afirmacións expostas, a aplicabilidade, a concreción nunha localidade e centro real e a innovación do mesmo sendo moi relevante o desenvolvemento de todos os apartados do mesmo, moi especialmente a xustificación, os obxectivos, a organigrama, estrutura ou formulación do proxecto así como os protocolos e follas clínicas da unidade.</p>	10

Observacións avaliación

Para superar a materia é necesario asistir á totalidade das prácticas de laboratorio e superar a avaliación final da mesma con polo menos 5 sobre 10, así como obter unha media de 5 (sobre 10) na cualificación do exame e 5 sobre 10 no total da materia.

Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursen a materia e realicen as prácticas obrigatorias de forma completa coa cualificación de apto, deben de ter en conta que poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só ao exame teórico final, tendo en conta que a cualificación do exame teórico fará media coas cualificacións das prácticas de laboratorio, talleres, traballos tutelados e clases maxistras do curso académico no que cursase as prácticas de laboratorio.

Para os alumnos con matrícula parcial: poderán obter a cualificación da materia coa modalidade ordinaria ou modalidade na que a proba mixta supón o 80% da cualificación e o outro 20% un exame práctico que se realizará o mesmo día da proba mixta ao finalizar a mesma. Nesta modalidade será obrigatoriedade superar ambas as partes para superar a materia.

Convocatorias da oportunidade adiantada de avaliación: Para aqueles alumnos/as que soliciten a oportunidade adiantada de avaliación, cumpran cos requisitos e concédaselle poderán presentarse ao exame teórico final cuxa cualificación suporá o 100% da cualificación da materia.

A cualificación de non presentado: outorgarase a aqueles alumnos que non se presentan ao exame nin a ningunha das prácticas.

As condicións para a obtención dunha matrícula de honra son que o alumno obteña mais dun 90% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega nos seminarios-talleres e prácticas fose significativa.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Viadé J.; Royo J. (2013). Pie Diabético: Guía práctica para la práctica clínica.. Madrid: Panamericana - Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos (2011). GUÍA DE PROTOCOLOS DE PIE DIABÉTICO. Madrid: CGCOP - International Working Group on the Diabetic Foot (2011). International consensus on the diabetic foot & Practical guidelines on the management and the prevention of the diabetic foot. Amsterdam : International Working Group on the Diabetic Foot - International Working Group on the Diabetic Foot (2015). International consensus on the diabetic foot & Practical guidelines on the management and the prevention of the diabetic foot. Amsterdam : International Working Group on the Diabetic Foot - Camp Faulí, Ángel (2002). Cuidados en el pie diabético. Barcelona: Smith & Nephew - F. Javier Aragón Sánchez, J. Luis Lázaro Martínez (2004). Atlas de manejo práctico del pie diabético . Madrid: F. Javier Aragón Sánchez, J. Luis Lázaro Martínez - Viadé Julià, Jordi (2006). Pie diabético : guía práctica para la prevención, evaluación y tratamiento. Madrid : Médica Panamericana
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Patoloxía xeral/750G02008
Ortopodoloxía 1/750G02017
Ortopodoloxía 2/750G02018
Ortopodoloxía 3/750G02019
Quiropodoloxía 1/750G02027
Quiropodoloxía 2/750G02028

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Prácticum 2/750G02034

Materias que continúan o temario

Prácticum 3/750G02035

Observacións



SISTEMA DE EVALUACIÓN

METODOLOXÍAS

PONDERACIÓN

Traballo tutelado

Traballos tutelados: 10%

Traballos tutelados: 5%

15 %

Proba obxectiva

Proba mixta: 60%

60 %

Aprendizaxe colaborativo



Sesión maxistral:

5%

Obradoiro: 10%

Prácticas de
laboratorio: 10%

25%



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías